

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 22 DE**

### **AGOSTO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás doce horas do día vinte e dous de agosto de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago e don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asiste, con escusa, dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE, e dona María Jesús González Roel, do PP.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Verónica Otero López como secretaria accidental da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º Proposta de desestimación de reclamacións presentadas á aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Cambre para o ano 2009 e aprobación definitiva do orzamento**

Vista a proposta de Alcaldía de data 19 de agosto de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 22 de agosto de 2009.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que, en primeiro lugar, hai que indicar a importancia deste pleno e por que ten lugar un sábado de agosto. Di que a razón é moi sinxela, xa que para poder pagar todos os convenios nominativos que o Concello de Cambre realiza con clubs de fútbol, asociacións de empresarios, asociacións culturais, escolas de música, etc., ten que estar aprobado o orzamento, se non non se pode pagar, nin transferir ese diñeiro, que anda en torno aos 100 millóns de pesetas ou 600.000 euros. Di que consideran que hai moita xente, e moita parte do tecido asociativo de Cambre que está esperando como auga de maio que por fin sexan aprobados de modo definitivo os orzamentos, para eles poder obter a subvención que esperan.

Continúa dicindo que por iso cren que non deben agardar nin un día máis para que isto ocorra, e que ese é o motivo polo cal ten lugar agora, e non noutro momento. Di que é o día máis cercano que puideron establecer, porque están suxeitos a un problema de alegacións, dúas funcionarias do concello consideran que deberían ter unha categoría distinta á que teñen actualmente, e xustificano en que nunha comisión informativa do mes de abril se adoptou esa decisión. Di que hai que dar unha resposta a esta demanda, polo que solicitaron aos técnicos municipais que emitisen un informe. Hai dous informes, o do xefe de Persoal e o informe da interventora.

Continúa dicindo que eses informes lles indican de modo claro que os acordos das comisións informativas só teñen validez un mes, se nun mes non teñen sido executados por un pleno deben ser de novo negociados, e, en consecuencia, o acordo ao cal fan referencia as dúas funcionarias non ten validez.

Di que por outro lado tamén se lles indica que non teñen reunido á mesa de negociación para aprobar os orzamentos, pero tamén sinalan os informes internos que cando son modificacións que son en esencia para modificar o modo de organizarse do concello non é necesario esa obriga. En definitiva, son dous informes que botan abaixo as alegacións presentadas e, ademais, a maiores, ambos técnicos municipais indican que tanto o tema da mesa de negociación, como o da comisión informativa, non son elementos que poidan estar suxeitos a alegación dun orzamento.

Dá lectura ao que di o informe da interventora, segundo o cal: *“A continuación, o artigo 170.2 dispón que unicamente poderán presentarse reclamacións contra o orzamento nos seguintes casos:*

*a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos pola lei*

*b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro tipo lexítimo*

*c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos presupostados, ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto”.*

Don José Venancio Salcines Cristal continúa dicindo que ningún destes puntos, que son os recollidos pola lei, contempla as alegacións das dúas funcionarias, e iso é o que lembran e indican os técnicos de maior rango do concello nas respectivas áreas e, por iso, solicitan aos grupos da oposición que valoren positivamente a opción de desestimar as alegacións.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o Sr. Salcines comezou dicindo que quería destacar a importancia deste pleno extraordinario, e que o PP coincide niso plenamente, hai que destacar a importancia deste pleno. Dixo o Sr. Salcines que era por unha razón moi sinxela, e o grupo popular tamén comparte que a razón é moi sinxela, só que esa razón é outra moi distinta da que expuxo o concelleiro. Sinala que no Regulamento orgánico municipal de Cambre se recolle que cando os concelleiros vaian estar ausentes teñen que comunicalo, e que a voceira do PP así o fixo, e que estará ausente ata o día 24, o próximo luns, e fíxoo dando cumprimento ao Regulamento orgánico municipal, polo tanto, en Cambre pode haber plenos ordinarios, plenos urxentes, e plenos extraordinarios, pero di que este é un pleno furtivo, que nin é urxente, nin é ordinario, nin extraordinario, senón furtivo.

Di que é un pleno para ocultar vergonzas, non hai outra explicación a que convoquen un pleno un sábado do mes de agosto, cando o próximo xoves coincidiría o pleno ordinario, que se pasa para o 14 de setembro. Di que é curioso que o pleno ordinario, que si é obrigatorio facelo mensualmente, se pase para o 14 de setembro, e que se convoque este pleno, de vergonzas, para ocultar vergonzas, esa é a primeira finalidade.

Di que xa é grave o primeiro punto, porque as dúas persoas que presentan alegacións aos orzamentos son dúas persoas que hoxe, facilmente, poderían estar sentadas co alcalde para asesoralo, trátase dunha persoa que fai de secretaria en funcións habitualmente, e dunha que fai de interventora en funcións habitualmente. Di que é penoso e lamentable, e que os veciños teñen que saber da descomposición do goberno municipal, cando as dúas persoas que poderían estar sentadas asesorando ao alcalde, son as que presentan alegacións contra os orzamentos. Di que é lamentable, penoso, e unha clara mostra do desgobierno que hai en Cambre. Polo tanto, di que este pleno non se debería ter convocado e, dende logo, o Sr. alcalde debería dar cumprimento ás súas promesas. A estas dúas funcionarias o Sr. alcalde

venlles prometendo reiteradamente, ano tras ano, que si, que lles vai atender estas peticións, e polo tanto, o Sr. alcalde, aínda que sexa trinta anos despois, debería comezar a cumprir as súas promesas.

Conclúe dicindo que, polo tanto, o seu grupo vai votar en contra de que se desestime o recurso presentado, porque pensan que o alcalde debe cumprir as súas promesas.

O Sr. alcalde toma a palabra para dicir que el, loxicamente, intenta cumprir coas súas promesas, e proba diso é que levan aí trinta anos, e que non os van cambiar as malas intencións ou as malas interpretacións. Di que respecto do pleno ordinario non foi cousa del, senón dun compañeiro que pediu o cambio, e na xunta de voceiros aprobouse trasladalo para a semana do 14, un acordo tomado por todos, asinouse a acta, e por tanto non hai nada oculto.

En segundo lugar, di que o orzamento está impugnado, ten un prazo de estimación, neste momento o informe de Intervención está feito, e é o momento de estimalo ou desestimalo, para que a xente que está pendente poida empezar a percibir diñeiro. Di que non é igual vir a un pleno, e discutir por vir un sábado, porque todos eles van a cobrar igual por asistir ao pleno, sexa o día que sexa, que ser a persoa á cal se lle debe diñeiro e hai que pagarlle, ou neste caso, as sociedades, os equipos de fútbol, que teñen que automaticamente coller as subvencións para poder facer as súas actividades. Di que cren que por perder unha hora nun día, non pasa nada, xa que a responsabilidade di que hai cousas que hai que manter, aínda co feito de que un compañeiro non estea, porque o que quedaron foi de aprazar o pleno ordinario, e este é un pleno extraordinario porque houbo unhas alegacións e hai que tratalas neste momento.

Di que o equipo de goberno considera que non é conveniente prorrogalo, e ese é o seu criterio, con independencia de que os demais concelleiros poidan opiñar o que queiran.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que o Sr. alcalde acaba de dicir que convocaron este pleno para poder pagar facturas, e que ese é o argumento de sempre e iso non vale. Di que quere aclararlle que no mes de maio había un pleno ordinario onde se ían aprobar uns orzamentos, coa abstención do PP, e que a condición que o PP poñía ao Sr. alcalde era crear unhas comisións, unhas reunións cos técnicos para que houbera transparencia na xestión do Concello de Cambre. Di que o alcalde decidiu, por unha razón inexplicable para eles, e que son difíciles de entender seguramente para calquera veciño, retirar o tema para negociar co BNG uns orzamentos máis ambiciosos e

mellores contra a crise, e que se demostra cuns orzamentos mellores para a crise interna dos concelleiros do BNG, probablemente económica, ambiciosa para eles, pero dende logo non para os intereses de Cambre. Dille ao Sr. alcalde que puido ter aprobado os orzamentos en maio, e ter cumprido perfectamente con provedores, asociacións, con quen quixese, puido telo feito, e non debe dicir ano tras ano que a culpa é dos demais, que se o PP de Cambre, que se a Xunta, que se o goberno central. Di que o Sr. alcalde, de forma compulsiva, fala destas cousas que nunca se cumpren, e que, polo tanto, non é verdade, e que hoxe convocou este pleno porque lle conviña, por aritmética, e por outro tipo de cousas, e non porque haxa que pagar aos provedores, porque iso podería telo feito no mes de maio.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que eles van apoiar o rexeitamento das alegacións, e que quere engadir, para que conste en acta, que hai un compromiso do equipo de goberno de iniciar un proceso de negociación co persoal do concello, para a recualificación dos postos de traballo e a nova valoración de postos a partir do mes de setembro. Di que cren que é o lóxico, e de feito é o que piden os informes técnicos, que iso non se faga de maneira individual, con postos determinados, se non que se debería afrontar de maneira global, ese é o compromiso que hai, e a partir do mes de setembro iniciárase un proceso negociador coa xunta de persoal e con todos os xefes dos departamentos, para abordar a recualificación de postos de traballo e asignación de tarefas novas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, antes de comezar a debater este punto quere manifestar, en nome do seu grupo municipal e no seu propio nome, o seu malestar pola convocatoria do pleno, que se fai un sábado pola mañá, e que para eles non ten ningún tipo de xustificación, e parécelles unha falta de respecto e consideración aos grupos da oposición e ao conxunto do pobo de Cambre. Di que ao seu xuízo estas actitudes poden chegar a afectar ao correcto funcionamento da corporación municipal, o que tamén vai acentuar a súa desconfianza respecto deste goberno. Pero tamén quere lembrar ao Sr. alcalde que, no mes de xullo, a proposta do grupo municipal de EU-IU, decidiuse trasladar o pleno ordinario de agosto a principios de setembro, un acordo na xunta de voceiros, sen prexuízo de que houbera unha urxencia e se convocara un pleno extraordinario, se ben eles consideran que isto non é urxente. Di que o pasado día 18 entregou, como é preceptivo nestes casos, un escrito no Rexistro municipal, poñendo en coñecemento do Sr. alcalde que estaría ausente do concello dende hoxe día 22 ata o día 29 de agosto, ambos inclusive. Sorprendentemente o día 19 o Sr. alcalde dita unha Resolución da Alcaldía poñendo o pleno para o día de hoxe, con seis puntos na orde do día, cun contido de máxima importancia para o futuro do concello e para os veciños de Cambre. Ante este

feito decidiu non ausentarse e estar hoxe presente para manifestar, entre outras cousas, o seu rexeitamento a esta maneira de gobernar, e reafirmar o compromiso do seu grupo cos veciños de Cambre.

Continúa dicindo que, entrando no debate do punto primeiro do pleno, para el isto non é máis que a desidia e o resultado de facer mal as cousas neste concello. Todo isto ven precedido dunha mesa de negociación onde se aproba ter en conta as peticións de dúas funcionarias do concello, unha mesa onde estaba o alcalde presente, pero, ademais, despois hai unha comisión informativa onde o voceiro do PSdeG-PSOE tamén está de acordo coa petición desas dúas persoas, e con que se lles dea o complemento de destino. Volve dicir que é a desidia e a falta de previsión que ten este goberno, que xa no pleno pasado o seu grupo preguntou cando se ía a tratar ese tema, e contestóuselles que ía ser no mes de setembro, e por iso agardan que no próximo mes se reúna a mesa de negociación, se estableza un calendario de reunións para chegar a acordos satisfactorios, co fin de que non existan discriminacións salariais entre funcionarios do concello, e se creen falsas expectativas como se crearon.

Conclúe dicindo que, neste punto, o seu grupo, por coherencia co manifestado no pleno de xullo, vaise abster.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), sinala que antes de entrar a debater e facer unha análise da proposta, quere solicitarlle ao Sr. alcalde que mire de arranxar a rede de sumidoiros que pasa ao carón do concello porque isto cheira moi mal. Dito isto di que a convocatoria de pleno que se fixo, en sábado, nos moitos anos que el leva na corporación parécelle que é a primeira vez que se fai. Que o equipo de goberno diga que están pendentes do tecido empresarial e asociativo do concello, das subvencións, e que por iso hai que facer un pleno un sábado, porque se non iso se vaia a paralizar, parécelle que podería terse feito onte, ou o luns, non pensa que ningunha asociación se vai a paralizar por dous días arriba ou dous días abaixo, porque todo isto xa o fixeron o ano pasado, por estas datas máis ou menos, como desculpa para o tema dos orzamentos, botándolle a culpa a todo o mundo, menos a eles mesmos, que nunca a teñen. Sempre falan do tecido empresarial, do tecido asociativo, pero di que el mesmo é presidente dunha comisión organizadora da Romaría de San Benito, e esa festa foi no mes de xullo, e o ano pasado cobraron a subvención o 31 de decembro, non sabe onde hai tanta présa, porque o ano anterior cobraron en maio do ano seguinte, e resulta que agora o Sr. alcalde pon de desculpa a todas as asociacións e demais, pídelle un pouquiño de seriedade.

Continúa dicindo que, con respecto ás alegacións presentadas por parte das dúas funcionarias, sindicatos e demais, o Sr. alcalde tiña o compromiso, alá polo mes de abril, e está por escrito, de que se lle ían revisar as súas retribucións polo traballo que estaban facendo. Di que, curiosamente, houbo algúns que agora teñen moita présa en sacar o tema para adiante, canto antes, non por interese das asociacións, senón para cobrar eles, e que por aquel entón pediron por favor que quedaran sobre a mesa porque había que tratalos doutra maneira, con máis tempo. Non sabe porque veñen tantas présas agora.

Naquel entón tamén se dixo que nun ou dous meses ían tratar o tema, non só para esas funcionarias, senón para outros que puideran estar nas mesmas circunstancias. Van polo menos catro meses e aínda non miraron nada, deles non se poden fiar nin os grupos da oposición, nin os funcionarios, e moito menos os veciños, por suposto. Pero é que, calquera desas dúas funcionarias, seguramente botan máis horas traballando no concello das que botan os concelleiros do equipo de goberno todos xuntos. Di que onte mesmo, e a pesar de que lles rexeitan o que piden, el puido ver como ás 3 da tarde algunha desas funcionarias saía de traballar, aínda que agora no verán pechan ás 2. Esas funcionarias estiveron respondendo co seu traballo e cumprindo coa súa obriga, e non pensa que cobren horas extras por iso. Saían ás 3 da tarde, pero o que non había era coches de ningún político, nin dos que non cobran, nin dos que cobran, nin dos que queren cobrar, só estaba o funcionario que estaba traballando, e páganlles con esa moeda.

Conclúe dicindo que o seu voto vai ser que se estimen as alegacións presentadas por esas funcionarias e sindicatos.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, votan en contra os seis concelleiros presentes do PP e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Desestimar as reclamacións presentadas á aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Cambre para o ano 2009, por non axustarse a ningunha das causas de reclamación previstas no Real decreto legislativo 2/2004, texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Segundo: Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Cambre para 2009, que ascende a un importe de 16.187.770,06 euros, co seguinte resumo por capítulos:

<b><u>CAPÍTULO INGRESOS</u></b>	<b>TOTAL</b>	<b><u>CAPÍTULO GASTOS</u></b>	<b>TOTAL</b>
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	4.620.760,81	1 GASTOS DE PERSOAL	5.658.641,14
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	585.000,00	2 GTOS. BENS CTES. E SERV.	6.272.958,98
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.742.000,11	3 GASTOS FINANCEIROS	243.152,91
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.365.187,48	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.000.203,08
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	137.927,23		
<b>Total Operaci3ns Correntes</b>	<b>14.450.875,63</b>	<b>Total Operaci3ns Correntes</b>	<b>13.174.956,11</b>
<b>OPERACI3NS DE CAPITAL</b>		<b>OPERACI3NS DE CAPITAL</b>	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS	0,00	6 INVESTIMENTOS REAIS	2.261.113,18
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.296.154,84	7 TRANFERENCIAS DE CAPITAL	127.312,86
8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22	8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22
9 PASIVOS FINANCEIROS	430.522,37	9 PASIVOS FINANCEIROS	614.170,69
<b>Total Operaci3ns de Capital</b>	<b>1.736.894,43</b>	<b>Total Operaci3ns de Capital</b>	<b>3.012.813,95</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>16.187.770,06</b>	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>16.187.770,06</b>

**2º Proposta de modificaci3n dos acordos adoptados polo pleno da corporaci3n o 13 de xullo de 2007, respecto da creaci3n e composici3n das comisi3ns informativas permanentes, da Comisi3n Especial de Contas e das comisi3ns informativas especiais**

Vista a proposta de Alcaldía de data 27 de xullo de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisi3n Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoci3n Econ3mica de data 22 de agosto de 2009.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que este punto foi ditaminado favorablemente na comisi3n informativa, e que é consecuencia do comentado nesa comisi3n. Di que o tema é moi sinxelo, créanse cinco comisi3ns, cada unha delas terá dez membros, tres polo PSdeG-PSOE, tres do PP, dous do BNG, un de EU-IU e un do GM (PG). No punto terceiro da proposta dise que a Comisi3n Especial de Contas terá esa mesma composici3n, e no punto cuarto recóllese que desaparecen unha serie de comisi3ns porque xa van a ir incluídas nas de nova creaci3n.



Conclúe dicindo que todo isto é consecuencia de adaptar as comisións informativas á nova estrutura do grupo de goberno.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que cando el pedía unha explicación, era para aclarar que nos orzamentos que se aprobaron hai tres concelleiros que non van ter nómina, co cal non van a pagar Seguridade Social, e que nun momento de crise como é o actual, é especialmente grave, nin van a cotizar IRPF porque o 80% das axudas de custo está exento.

O Sr. Salcines di que iso é falso.

O Sr. Cubeiro contesta que está na súa quenda e que non é falso. Sinala que as axudas de custo deses tres ou catro concelleiros van saír precisamente das comisións. Agora se crean máis comisións que antes, onde van a estar casualmente de presidentes, como se dixo nas comisións, os concelleiros que non van ter nómina, co cal é evidente que as comisións as crean para cobrar 300 euros o presidente de cada unha delas, e ir sumando a cifra que lles permita ter uns ingresos similares aos que tiñan antes. Polo tanto, cando o PP di que é falso que a partida de soldos de órganos de goberno se rebaixe nun 5,6%, din que é falso porque é falso. Di que o equipo de goberno o maquilla, pero que uns van a cobrar con nómina e outros con axudas de custo.

Por todo isto, conclúe pedíndolle ao Sr. alcalde que retire este punto da orde do día, porque se o pleno de hoxe é para poder pagarlle ás asociacións e aos provedores, pídelle que se discuta ese punto, e que se retiren todos os demais.

O Sr. alcalde contesta que non se vai a retirar, que o pleno está convocado en prazo e forma, e vaise seguir tratando.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal dille ao Sr. Cubeiro que pode estar a prol ou en contra, pode gustarlle ou non, pero que polo que se cobra por asistencias, e polo que os concelleiros da oposición están cobrando igual que todos, hai que tributar a Facenda, e que se non o están a facer así, entón están cometendo fraude fiscal. Hai que tributar por iso sempre, e non son axudas de custo, son indemnizacións por asistencias e, polo tanto, suxeita a IRPF, unicamente aquelas persoas que non chegan a un determinado nivel de renda non están obrigadas a declaralas. Pero se superan ese nivel de renda marcado polo Estado e non as teñen declarado, entón infórmalles que é un fraude fiscal.

O Sr. Cubeiro Martínez responde que lle agradece ao Sr. Salcines a súa preocupación polos asuntos particulares dos demais, e di que falará co asesor para tratar de non ter ningún incumprimento fiscal. En calquera caso insiste en que o equipo de goberno fai isto para cobrar, para disfrazar, para maquillar as contas, e insiste en que se retire este tema, porque se o Sr. alcalde acaba de dicir que este pleno se convoca tan urxente para pagarlle aos provedores, o que hai que discutir é iso e retirar todo o demais.

O Sr. alcalde volve sinalar que non se vai retirar, que está convocado en prazo e forma e que o Sr. Cubeiro poderá votar a prol ou en contra, pero non outra cousa.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que están comprobando como a maioría das propostas que fixo o PSdeG-PSOE cando se constituiu a corporación, se están reformando, practicamente todas. Di que moi mal o deberon facer fai escasamente dous anos para agora ter que reformar practicamente todo.

Para eles é un contrasentido crear máis comisións cando ao final vaise utilizar o voto ponderado. Coas tres comisións que había en ningún momento quedou sen tratar ningún tema, e a participación de toda a corporación estaba totalmente aberta e garantizada, sin ningún tipo de limitación. Supoñen e afirman que o fin desta reforma é conseguir máis indemnizacións por asistencias e, por conseguinte, máis diñeiro, polo que o seu grupo vai votar en contra.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que todo se pode interpretar a gusto de cada quen, pero que tamén hai que facer memoria de como comezou a lexislatura. É coñecida a pelexa do seu grupo precisamente porque a estrutura das comisións informativas que deron soporte ao pleno da corporación non lles parecía axeitada. Di que era por unha cuestión que prexudicaba fundamentalmente a dous grupos, e tamén, pero menos porque estaba gobernando, ao grupo de goberno que estaba composto por sete concelleiros socialistas, pero sobre todo prexudicaba ao BNG e ao PP, con tres comisións informativas, e cun só representante de cada grupo municipal, un dos concelleiros do BNG quedaba fóra sen posibilidade de participación, pero do PP eran catro os concelleiros que quedaban fóra e non tiñan dereito de participación. Tiveron unha pelexa que perderon naquel momento, xa que o resto dos grupos políticos apoiaron ao goberno, e non se lles fixo caso. Di que mesmo chegaron a presentar un recurso.

Continúa dicindo que os tempos cambian, e que non sabe se a práctica foi má ou boa, pero dende logo non é a práctica que o novo goberno que acaban de acordar quere ter nestes momentos, polo tanto, créase unha nova estrutura máis adecuada ao goberno que se crea, cinco comisións nas que haberá representación proporcional de todos os grupos municipais, e para preservar a proporcionalidade do voto que ten o pleno, aplicarase o sistema de voto ponderado. Parécelle que é adecuado que todos os concelleiros e concelleiras de todos os grupos municipais poidan participar, e se queren traballar ou non queren traballar, esa é unha cuestión de cada un, e de cada grupo municipal. Di que se queren aproveitar ou non aproveitar os recursos de indemnizacións por asistencia que o pleno do concello supón vai a decidir, xa é unha cuestión deles, tanto a nivel individual como colectivo do seu grupo municipal, pero en todo caso o que van a ter é a posibilidade legal de participación en comisións informativas, van a ter instrumentos para poder exercer ese traballo, e que o fagan ou non será cuestión, en todo caso, de que dean conta aos veciños e veciñas que os votaron, e ao resto.

Conclúe dicindo que lles parece unha postura moito máis aberta, participativa e moito máis democrática. En todo caso, está suxeita a opinións, porque cada quen pode opinar o que lle pareza, e votar o que queira, pero dende logo a eles parécelles boa e na liña do que defenderon no comezo da lexislatura. Di que lles agrada poder ter chegado a convencer ao grupo socialista de que modificara a estrutura das comisións que se aprobou inicialmente. Por todo isto o voto do seu grupo vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que é curioso o ben que falan algúns así que lle empezan a inchar os petos para fóra. Con respecto ao punto en concreto di que na proposta dise que: *“En canto ao GM, e co fin de permitir a súa participación en todas as comisións informativas, considérase necesario a súa presenza nelas, ....”* Dille ao Sr. alcalde que a el non lle van vender ningún favor, senón que por lei ten dereito a estar presente en todas as comisións, non porque llo dea o equipo de goberno de misericordia, por lei ten que estar en todas as comisións, non o poden botar fóra, teñen que aguantalos, véndoo de fronte, non lle poden vender, como dixeron na prensa, que consideran necesaria a súa presenza. Di que a súa presenza non é que sexa necesaria, é por lei.

Di que, en segundo lugar, é curioso que algún novo gobernante diga que para que participen máis nas comisións informativas van ser dez membros. E para votar van ser cinco, por culpa do voto ponderado. Os outros cinco veñen a cobrar pero non poden votar nin facer nada, e iso que lles daban moita participación, pero sen votar, só veñen a cobrar

para que saian as contas ao final de mes como teñen que saír, para os petos dalgúns. Di que vergonza lles debería dar facer ese tipo de propostas dicindo que é para que participe a xente. Di que para que participen non, para cobrar e para rirse dos veciños, pero á súa cara.

Continúa dicindo que un concelleiro que deixa de cobrar os aproximadamente 14.000 euros que tiña de dedicación parcial, o que viña sendo pouco máis de 1.000 euros/mes, loxicamente, se deixa a dedicación parcial e vai cobrar por asistencias, debería cobrar menos. Pois, por exemplo, o Sr. Salcines cobraría por asistencias a plenos e comisións informativas 300 euros, como cobrarían todos segundo a nova proposta, porque ata agora cobraban menos; pola xunta de voceiros outros 100 euros; tamén está a nova xunta de coordinación, que se inventan agora e que, segundo parece, algúns din que xa existía na pasada lexislatura e máis na anterior, só para cobrar, porque di que el estaba aí e por iso sabe como funcionaba, e que os que procuraban ir a esas xuntas de coordinación eran os concelleiros que non tiñan dedicación, non eran os superconcelleiros, eran o resto dos concelleiros os que ían ás xuntas a ver se se enteraban de algo, porque os superconcelleiros, que cobraban dedicación exclusiva non aparecían, co cal o resto de concelleiros non se enteraban de nada, pero ao final cobraban. Di que por esa xunta de coordinación o Sr. Salcines vai cobrar outros 200 euros/mes máis. Tamén está o tema dos presidentes das comisións informativas, e que nunca os presidentes das comisións cobraron no concello máis que o resto dos membros da comisión, agora cobran 300 euros, unha cousa nova, que antes non existía. Tamén está a xunta de goberno pola que ata agora ninguén cobraba, porque todos tiñan a súa dedicación, agora 400 euros/mes. Dille ao Sr. Salcines que dixo que agora ía cobrar por asistencias, como os da oposición, pero que o que vai cobrar son 1.300 euros/mes como mínimo. Un da oposición cobrando por asistencias, e fala de si mesmo, porque é o voceiro do seu grupo, e cobra por xuntas de voceiros, cobraría 400 euros/mes, outro concelleiro da oposición que non sexa voceiro do grupo, cobraría 300 euros.

Di que non se confundan, que non queiran enganar á xente nin a ninguén, e dilles que son uns atracadores, e uns enganadores. Por todo isto, o seu voto vai ser en contra da proposta.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Marante que lle parece que esas frases están fóra de tono, que poderán estar ou non de acordo, pero que polo menos deberían de coidar as frases que non veñen ao caso.

O Sr. Marante di que el coida as frases, e non ten ningún problema en facelo, pero pídelles que non enganen aos veciños, nin na prensa, nin aquí, non poden dicir que a oposición

cobra as asistencias igual que o equipo de goberno, porque para cobrar os soldos dos que acaba de falar, o goberno inventouse agora unha asignación por xunta de coordinación, na que van a estar os do goberno, a razón de 100 euros por sesión, dúas ao mes. Presidentes das comisións informativas van ser tamén membros do goberno, algúns deles os que deixan de cobrar unha asignación fixa. Mesa de contratación, 30 euros, iso van a cobralo todos os que están na mesa, que ata agora habíalas porque eran gratis, os da oposición viñan gratis, agora como van a vir os do goberno van cobrar 30 euros. A xunta de goberno local, pola que antes non cobraban, agora 400 euros/mes.

Pide que non digan que cobran igual os da oposición que os do goberno, pide que non mintan, e que se non queren que as súas frases se saian de tono, entón que non enganen a ninguén.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que cando se iniciou este goberno se aprobou unha remuneración para determinados concelleiros que era de 25.000 euros, entre eles a súa, e que por unha serie de motivos despois se rebaixou a 15.000.

Neste punto, e ante as manifestación do Sr. Marante, pídelles que se relaxe, que a el chamouno atracador e el calou a boca, e que agora na súa intervención el non chegou a ese nivel e o Sr. Marante xa está alterado.

O Sr. alcalde pide orde e respecto ao público asistente ou terán que abandonar a sala.

O Sr. Salcines continúa dicindo que a remuneración que sae en asistencias, se un concelleiro ven a todas elas, no seu caso é certo que é 1.100 euros, unha contía que vai cobrar se asiste a todo, e se fai o seu traballo como ten que facelo. Pero tamén hai que dicir unha cousa, se fan un cálculo do que o Sr. Marante cobrou como concelleiro da oposición durante estes anos, como hai que usar sempre un ritmo de actividade para ver como se valora, un modo de valorar o seu traballo na oposición son por exemplo as preguntas que o Sr. Marante fai no pleno para controlar ao goberno, e dille que se dividen por pregunta o que o Sr. Marante cobrou, cada pregunta sae case en 1.000 euros. Pensa que tamén é unha pasta.

O Sr. Marante pide ao Sr. alcalde que non lle curte a el, porque a quen ten que curtir é a ese impresentable, a ese irresponsable. Dille ao Sr. Salcines que efectivamente non fai moitas preguntas nos plenos, pero as que fai, fainas e reitéraas moitísimas veces, e en todas lle din

o mesmo: “Non te preocupes para a semana o tes”, “Non te preocupes para a semana se mira”, e seguen igual. Non pensa que as preguntas lle saian a 1.000 euros, porque non cobra máis de 200 euros/mes, así que pídelles que non enganen a ninguén.

O Sr. alcalde pide orde e dille ao Sr. Marante que están a falar dunha cousa que vai noutro punto, que agora están a falar das comisións.

O Sr. Marante pregunta por que entón non lle curtou ao Sr. Salcines.

O Sr. alcalde di que xa hai despois un punto onde falar deste tema.

O Sr. Marante sinala que el está contestando, e que foi o Sr. Salcines quen lle dixo a el canto estaba cobrando por pregunta, e pregunta se iso está tamén neste punto.

O Sr. alcalde sinala que están tratando temas que non constan neste punto, e que está falando en xeral.

O Sr. Marante manifesta que el quere acabar, e que quere contestar ao outro concelleiro.

O Sr. alcalde pídelles que se atinxa ao punto da orde do día.

O Sr. Marante di que entón tería que terlle curtado a palabra ao Sr. Salcines, porque el contesta ao que lle dixo, e que lle curte a palabra a quen lla ten que curtar, non a el.

O Sr. alcalde di que non quere tomar postura a prol de ninguén.

O Sr. Marante dille ao Sr. alcalde que a el non se lle compra cun talón.

O Sr. alcalde avisa ao Sr. Marante que se segue con esta actitude vai ter que botalo da sala, porque lle parece unha falta de respecto a todos os compañeiros.

O Sr. Marante Gómez dille que o bote cando queira, que a falta de respecto é a deles.

O Sr. alcalde contéstalle que é moi fácil falar agora, xa que fai uns anos, cando estaba el, non falaba así, e iso tócalles a todos.

O Sr. Marante dille que por iso marchou do goberno, que dimitiu e marchou, que non o botaron, e que agora algúns dos compañeiros do Sr. alcalde están facendo o mesmo.

O Sr. alcalde volve dicirlle que peche o tema, e fala en xeral para todos.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que antes, o socio de goberno do Sr. alcalde, preocupouse polo PP, preocupouse porque só están tres titulares nas comisións, cando son sete concelleiros, e dille que o PP se considera perfectamente representado, porque hai uns titulares e suplentes, pero habitualmente veñen todos, polo tanto, os membros do PP se informan e falan cando consideran oportuno.

Di que, unha vez dito isto, pide que o Sr. alcalde recapacite unha vez máis sobre o seu papel no concello, co que está pasando nos plenos ultimamente, co que está pasando precisamente neste momento, pídlle que recapacite. Pedíulle a dimisión en varias ocasións, e pensa que hoxe é un bo momento para reiteralo. Dille ao Sr. alcalde que debería dimitir.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el tamén quere reiterar o que dixo antes neste punto. O argumento principal de ampliar as comisións era para que houbera máis participación, para que os grupos tiveran máis oportunidade de presentar iniciativas, iso xa foi debatido fai dous anos, e el quixera que algún mirara as actas das comisións informativas, e que se mirara cando se curtou a liberdade de participar nas comisións, e que iniciativas presentaron moitos grupos nas comisións, porque nas comisións, como non hai público, a xente ven a calar a boca. Pode dicir con orgullo, alto e claro, que o seu grupo foi o que máis iniciativas presentou nas comisións, e ninguén lle curtou a liberdade de presentar as iniciativas e a participación que quixeron, e agora o equipo de goberno as amplía, pregunta para que. Di que como xa dixo antes, para cobrar.

Sometido o asunto a votación, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG e votan en contra os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 13 de xullo de 2007 e, para tal efecto, crear cinco comisións informativas permanentes de estudo, informes, consulta e seguimento, coa seguinte denominación:

A) Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior.

B) Comisión Informativa de Urbanismo, Seguridade Cidadá e Transportes.

C) Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos.

D) Comisión Informativa de Educación, Deportes, Cultura, Benestar Social e Normalización Lingüística.

E) Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo.

Segundo: Cada unha delas constituirase por dez membros, coa seguinte adscripción por cada grupo municipal: 3 do PS de G-PSOE, 3 do PP, 2 do BNG, 1 de EU-IU e 1 do GM, aplicándose o sistema de voto ponderado.

Terceiro: A Comisión Especial de Contas constituirase por dez membros coa mesma adscripción por grupo municipal que nas comisións informativas permanentes, aplicándose o sistema de voto ponderado.

Cuarto: Considerar extinguidas as seguintes comisións informativas especiais creadas no seu día, por considerar que os asuntos ou materias obxecto delas están incluídas nas comisións informativas permanentes que se crean:

- A Comisión Informativa Especial para o AVE e a Comisión Informativa Especial para o Plan Xeral de Ordenación Municipal, por canto as citadas materias poden ser obxecto de estudo e informe por parte da Comisión Informativa de Urbanismo, Seguridade Cidadá, Transportes e Normalización Lingüística.

- A Comisión Informativa Especial de Participación Cidadá, Comunicación e Información, por canto as citadas materias poden ser obxecto de estudo e informe por parte da Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 80.c) do Regulamento orgánico municipal, a adscripción concreta a cada comisión dos membros da Corporación que deban formar parte dela, en representación de cada grupo, se realizará mediante escrito do voceiro do grupo dirixido ao alcalde e presentado no Rexistro de Entrada do Concello. Poderá



designarse, de igual xeito, un suplente por cada titular. Presentarase o citado escrito no prazo de cinco días hábiles contados desde a adopción dos anteriores acordos.

**3º Proposta de modificación dos acordos adoptados polo pleno da corporación o 13 de xullo de 2007, e posteriores, respecto da determinación dos cargos da corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, as súas retribucións, así como fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións**

Dada lectura á proposta de Alcaldía de data 27 de xullo de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 22 de agosto de 2009.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que neste punto se recollen as delegacións de área que xa teñen sido comentadas noutros plenos. Di que recolle as retribucións salariais, que xa tamén foron comentadas e que quedan nunha retribución anual para o Sr. alcalde de 54.000 euros, o que supón unha redución dun 5% respecto da que había anteriormente; a retribución do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos é de 47.000 euros, que é a mesma que había por este posto no ano 2003; e as medias dedicacións quedan en 24.462 euros, que é un 5% inferior á que había anteriormente.

Conclúe dicindo que pensa que os demais puntos xa teñen sido abordados no anterior debate, e non vai a repetilos.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que neste punto poderían debater moito, poderían falar dos orzamentos, poderían falar da páxina 77, poderían falar de que unha pouquiña vergonza si a teñen, unha pouquiña, porque ven que a retribución do que vai ser tenente de alcalde, ou xa o é, non sabe exactamente en que situación se atopa, vai ser de 47.000 euros anuais, cando nos orzamentos estaba exactamente igual que ao do alcalde, ou sexa que un pouquiño de vergonza téñena. Pero dito isto, dí que a pregunta non lla vai facer a eles, senón que lla vai facer aos veciños de Cambre, antes eran 7 cunha dedicación exclusiva, e 6 parciais, agora van ser 11, dúas exclusivas e o resto ben con dedicación ou con axudas de custo. Onde antes comían 7 agora van comer 11, e non obstante, din que se baixa unha partida un 5,6%, a pregunta non a fai ao equipo de goberno, faina aos veciños de Cambre, pregunta se alguén cre que iso é verdade. Di que evidentemente non, e, polo tanto, non vai debater máis sobre este punto,

simplemente dicir que é lamentable e vergonzoso todo ese tipo de cousas, e que loxicamente o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, antes de entrar na profundidade deste punto, quere deixar moi claro que o seu grupo reconece a lexitimidade plena que ten o grupo socialista e o BNG para realizar os pactos que considere oportunos e necesarios para acadar acordos, niso non teñen nada que reprochar, reedítase o bipartito existente na anterior lexislatura. Pero engade que o que lles preocupa profundamente é a eficacia e, sobre todo, o custo económico que vai ter para os veciños e para o pobo de Cambre, iso é o que lles preocupa, respecto do resto non teñen nada que obxectar.

Continúa dicindo que cando se anunciou o pacto co BNG o argumento e motivo principal que se achegou, foi o de dar a máxima estabilidade ao goberno, iso foi o que se anunciou, ou polo menos iso é o que recollían os medios de comunicación. Pois ben, di que aínda non comezaron a traballar e xa apareceron os primeiros problemas graves dentro do novo goberno, fundadas sospeitas que teñen de non sacar adiante este pleno onde se van a aprobar as dedicacións e as novas asignacións, verdadeiras sospeitas que tiñan estes días, e por iso convocaron o pleno este sábado.

Di que o seu grupo está convencido de que é imposible que se poida facer un cesto con tan pouco vimieiro, e que o traballo que poden achegar os novos integrantes do goberno se quede en algo testemuñal, xa que a inestabilidade doutro grupo é tan elevada, e a capacidade, incluída a do Sr. alcalde, tan limitada que é imposible facer nada nun concello no que xa dixo moitas veces reina a desorganización, a desidia, e, sobre todo, o desánimo.

Di que o seu grupo xa dixo por activa e por pasiva, en público e en privado, que non ían apoiar un goberno encabezado polo actual alcalde, e neste caso, se votaran a prol, sería apoiar ao goberno encabezado polo actual alcalde, apoiar un grupo no cal non cren, e que foi incapaz de gobernar. Di que está demostrado que en dous anos isto foi un total desgobierno, un goberno no que, cada día que pasa, segue sendo maior a falta de confianza dos propios responsables que o están apoiando, e do conxunto da oposición, isto queda claro e patente.

Di que non hai base capaz de dar unha estabilidade á convulsa situación política que está vivindo o pobo de Cambre, e que está vivindo este goberno municipal. Non queren nin poden apoiar a este goberno, ao cal xa pediron pública e conxuntamente a dimisión do

alcalde e do seu ex-primer tenente de alcalde, así o pediron conxuntamente no pleno, e outros agora rebobinan, e pactan.

Continúa dicindo que pensan, e xa o dixeron en varias ocasións, que consideran acertado o que dicía o Sr. Salcines, o recorte do 5%, pero se realmente o aforro que supón se empregara en beneficio da cidadanía. Pero a realidade é ben distinta, xa denunciaron no pleno dos orzamentos que a realidade é ben distinta, aquí se desviste un santo para vestir outro. Discrepan fundamentalmente no destino do diñeiro aforrado, observando como se desdobran áreas, se multiplican salarios, cando o máis razoable sería que a menos traballo e menos responsabilidade, menos salario. Se a un concelleiro con media dedicación que cobra 25.000 euros agora lle parten a dedicación e lle sacan responsabilidades, lóxicamente debería cobrar menos, pero non é así. Como xa dixeron tanto o alcalde, como os concelleiros e concelleiras que conforman este goberno, suponse que terán menos traballo e menos responsabilidade, en cambio o Sr. alcalde seguirá cobrando 54.000 euros, o primeiro tenente de alcalde 47.000 euros, as medias dedicacións, 25.000 euros, e a iso hai que engadir os correspondentes gastos de seguridade social, e dicir que eses 25.000 euros son por catro horas de traballo diarias.

Continúa dicindo que o acordo impulsado polo PSdeG-PSOE e BNG inclúe aumentos nas contías que viñan percibindo por asistencias ás sesións, motivo de debate anteriormente, o que disfrazaba unha maneira de cobrar para os que non teñen dedicación exclusiva, simplemente unha boa maneira de repartir a tarta municipal. Quere insistir, porque é bo insistir nestes casos: antes nun pleno se cobraba 125 euros, a nova proposta son 200; as comisións informativas 75 euros, proposta 100 euros; xunta de voceiros antes 75, proposta 100; xunta de goberno local, antes nada, agora 200; xunta de coordinación, que antes non existía, 100 euros, con presenza dos grupos de goberno, PSdeG-PSOE e BNG; mesa de contratación, antes nada, e agora é unha vergonza, porque el asistiu a moitas mesas de contratación, e por dez minutos agora dálles 30 euros, e el sente verdadeira vergonza, tendo en conta as necesidades que hai nestes momentos. Fala de dez minutos polas mesas de contratación, pero o mesmo pasa nas comisións, e nos plenos máis ou menos. Di que é unha verdadeira vergonza. Como xa se dixo antes, os presidentes das comisións informativas, que van ser concelleiros dos grupos do pacto, 300 euros, é unha tomadura de pelo aos veciños de Cambre.

Di que lles parece unha proposta preocupante vindo, ademais, duns partidos chamados de esquerda. O seu grupo municipal considera absolutamente escandalosas as decisións de aumentar tamén o número de dedicacións. Con estas retribucións están equiparando os

salarios dos concelleiros aos dalgúns profesionais de alto nivel e de alto rango, e ponse en evidencia que o PSOE e o BNG converten os cargos de representación pública en postos de traballo excelentemente remunerados e retribuídos, aseguran a fidelidade dos seus membros por enriba dos intereses colectivos dos veciños.

Di e repite que é un auténtico insulto para a maioría dos traballadores e traballadoras que ven como os seus salarios non medraron nos dous últimos anos, é unha vergonza. E tamén vai recordar a todos os presentes nesta corporación que algúns dos que van a votar a prol deste pacto e destas asignacións, eran os que noutros tempos maldicían a política salarial deste concello e agora, claro, rebobinan. Hai un refrán que di: Se non podes co inimigo, únete a el, ese é o tema, pero hai outro que di: Roma non paga traidores.

Continúa dicindo que se vai a referir á política salarial existente non no Concello de Cambre, senón nos concellos, e di nos concellos por tratar do tema dun xeito plural e xeneralizado, que ten como consecuencia o resultado de pactos que non obedecen a criterios minimamente obxectivos. O xogo público permite que alcalde e concelleiros marquen as súas propias percepcións, aumentando o descrédito político ante os cidadáns, producidos polas asignacións desorbitadas de salarios que realizan os concellos, ignorando antecedentes políticos que aconsellan unha maior contención salarial, sobre todo nos momentos de crise que están vivindo.

Sinala que a súa formación política xa ten solicitado que o soldo de alcaldes e concelleiros sexa establecido por una lei superior en relación cos habitantes e co orzamento de cada concello, apelando así á responsabilidade e decencia dos cargos públicos para poñer fin a salarios escandalosos e insolidarios nestes casos.

Conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que lle estrañan determinadas coincidencias nas argumentacións e que, sobre todo, hai unha cuestión que lle pon unha pouca de incerteza, que é a incoherencia coas cousas que se fan. Di que a el lle parecen totalmente lexítimas as posicións que neste pleno se van a manifestar contrarias, algunhas xa as manifestaron, dende a dereita e tamén dende a esquerda, pero supón que a todo o mundo lle estrañará que non sexan coherentes coas prácticas políticas normais e habituais que se fan noutros sitios, e lembra a posición de EU-IU no Concello de Ferrol aprobando o salario do alcalde.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta a súa disconformidade con eses comentarios.

O Sr. alcalde pide ao Sr. Taibo que lle permita terminar a súa intervención ao voceiro do BNG.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo continúa dicindo que é evidente que quen defende determinadas posicións ten que aguantar de todo, que o insulten, que o difamen, que o inxurien e que manipulen e mintan, e os demais teñen toda a lexitimidade para que os respecten. Hai algúns que poden interrumpir, e outros teñen que aguantar estoicamente que digan mentiras e teñen que calar a boca. Dille ao Sr. Taibo que iso non é así. En todo caso, teñen a sorte de ter grabadas as actas, e serviranlles no futuro para recordar o que fixeron e o que foi cada quen. Pensa que iso vai ser moi interesante.

Di que seguramente hoxe sairán, uns máis que outros, moi alporizados e moi cabreados, pero o tempo sempre pon as cousas no seu sitio e aquí van a estar as actas para velo. Seguramente haberá quen, no futuro, se arrepiña moi seriamente das cousas que ten dito.

Continúa dicindo que, en todo caso, parécelle moi lexítimo ser incoherente, que a súa posición política en Cambre sexa unha, e a do seu grupo político noutros sitios sexa outra, parécelle moi ben, o que lle estraña é a coincidencia na argumentación e nesa especie de visión pecaminosa do diñeiro que se cobra nas institucións, con outras forzas políticas das cales, dende logo, non agarda coherencia en absoluto, de ningún tipo, porque non a están practicando en ningún sitio, iso é o que lle estraña.

En todo caso, el xa lle dixo antes a todo o mundo que aquí do que se trata é de rendemento, pensa que alguén máis xa citou esa palabra antes. O que haberá que mirar é que todo o mundo responda polos instrumentos e polo económico que está a recibir polo seu traballo, iso terán que facelo todos, e terán que responder diante dos veciños. Di que agarda que cheguen os plenos normais nos que se falen de cousas que de verdade lle preocupan á xente, e abandonen xa esta historia. En todo caso cada quen, cos seus cartos, que faga logo o que queira, que o done a onde lle dea a gana, iso é o que hai que facer.

Continúa dicindo que a el o que lle preocupa é esa coincidencia. O tema dos cartos parece que é o único que interesa, o único que concilia pasións, por algo será, pero xa o dixo ao comezo da lexislatura, estando o BNG na oposición, que se cadra o que algúns pretenden é volver a sistemas nos que a práctica política era baratísima e lle custaba moi pouco ao erario público, eran as prácticas da ditadura, non había eleccións e polo tanto non había que

pagar proceso electoral, non había cargos electos e representativos e non había que pagarlles indemnizacións por asistencias.

Di que o gasto, o de todos, na oposición, no goberno, na convocatoria dos plenos, nos procesos electorais, non é un gasto, é un investimento nun sistema democrático no que supón que todos estarán de acordo, e precisamente o sistema democrático ten mecanismos para controlar que ese gasto sexa adecuado, e ese é o labor da oposición, ese é o labor dos veciños, e iso é, loxicamente, o que hai que facer cada catro anos nas campañas electorais, poñer todo sobre a mesa para que a xente decida, tome a súa decisión soberana. É probable que algún dos pasos que se van dar hoxe, que se deron o pasado mes, ou que se vaian dar no ano e medio que queda, non contén co refrendo popular, é posible, e cando cheguen as próximas eleccións a quen tomou ese tipo de decisións se lle castigue, e o voto se oriente cara a outro lado. Di que iso é perfecto, que ese é o sistema, pero que o sistema custa cartos, o sistema democrático custa diñeiro, e hai que pagalo. Pregunta se non é así, ou se é que a política só é para xubilados de luxo, para grandes empresarios ou para rendistas, el non o sabe, se cadra é iso, pero entón, se é iso, evidentemente non é en Cambre onde o teñen que arranxar o tema. Pensa que todas as forzas políticas que están presentes, ou case todas, teñen a súa representación institucional superior, no Parlamento Europeo, no Congreso dos Deputados, e aí é onde teñen que promover as iniciativas lexislativas para modificar o sistema legal e o sistema xurídico que lle dá cobertura a todo isto, pensa que é aí onde o hai que facer.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, para contestar un pouco ao que dixo o voceiro do BNG, di que a el lle molesta o tema dos exemplos, porque ese exemplo xa se puxo aquí no pleno de agosto do 2007, cando o grupo de EU-IU se opuxo aos salarios, e se comparaou con EU-IU que en Ferrol cobraba non sabe que cantidade. Di que aquí sempre teñen o costume de falar do que pasa fóra de Cambre, e eles están en Cambre, e o grupo de EU non ten tanta representación como para poñer tantos exemplos, pero o voceiro do BNG sempre insiste no mesmo.

Dille que está de acordo con el en que a xente que traballe cobre, pero ten que cobrar racionalmente. Di que do que está en contra é de que haxa xente que veña ao concello a cobrar e a chupar, diso é do que está en contra, e hai xente que o di, e con esas historias e esas cousas o que están é potenciando ese tipo de facer política, e con iso non está a dicir que o Sr. Iglesias o fixera.

Por outra parte, coa sorna que ten sempre o voceiro do BNG cando se refire aos xubilados de luxo, dille que el é prexubilado e que cobra o que realmente lle pertence, nin máis nin menos. El non pediu a prexubilación, e se a ten mellor para el, aínda que parece unha cuestión que ao voceiro do BNG lle fastidia bastante, e debe ser que mirou o que cobraba. Pregúntalle se é envexa ou que, e volve dicirlle que é prexubilado e cobra o que lle pertence.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que se a súa avoa vivira agora tería aproximadamente 120 anos, que nunca foi á escola, non sabía ler nin escribir, pero sabía contar, facía a conta da vella, e ensinoulle a el a facela. Di que ao mellor o Sr. catedrático fai contas distintas, pero que a el a conta da vella dille que no exercicio pasado a asignación para os cargos do goberno eran 158.051, 71 euros, iso é o que poñen os papeis, e que a asignación para este ano, co pacto, é de 223.334,62 euros. Despois do debate que xa tiveron antes, onde se falou dos incrementos das asistencias, etc., pregúntase como é que dá que baixa un 5%, porque as contas que lle ensinou a el a súa avoa non lle dan iso. Pídelle ao Sr. catedrático, que é moi hábil para facer contas para o seu interese, que llo explique. Iso é o que quere que lle conteste.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, antes das votacións, quere sinalar unha cuestión de orde. Di que onte, publicamente na prensa, a concelleira de Seguridade Cidadá manifestou a súa renuncia aos seus cargos, e agora neste pleno están aprobando para ela unha serie de cousas, por iso ten medo de que dentro de dous días teñan que ter outro pleno por esta mesma cuestión.

O Sr. alcalde toma a palabra e di que isto é así, que a orde do día xa estaba feita de antes, e que a semana que vén se reunirán coa concelleira, porque nestes momentos está de vacacións, ata o día 1, e será entón cando tomen unha postura. Di que está claro que se non ocupa a área para a que está designada, deixará de percibir esas cantidades, pero van a agardar que chegue, terán unha reunión e falarán con ela. Non vai a cobrar ningún que non cumpra coa delegación para a que foi designado. Dille ao Sr. Taibo que por iso non se preocupe.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que claro que lle preocupa, porque están aprobando unha cousa que non é a realidade, unha cuestión que é ficticia porque hai que ter en conta que esa concelleira onte, nos medios de comunicación, dixo que renunciaba aos seus cargos, e agora aquí vaise aprobar unha asignación e uns cargos.

O Sr. alcalde contesta que as asignacións van vinculadas aos cargos, se non os exercen ese diñeiro quedará nas arcas municipais.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e votan en contra os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Os cargos da Corporación que se desempeñarán en réxime de dedicación exclusiva, coas obrigas que iso comporta, e as retribucións a percibir, serán os seguintes:

- Alcalde: unha retribución anual equivalente a 54.022,12 euros brutos anuais en 14 pagas.
- Concelleiro delegado da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo: retribución anual de 47.000,00 euros brutos anuais en 14 pagas.

Segundo: Os cargos da Corporación que se desempeñarán en réxime de dedicación parcial, cunha dedicación mínima de catro horas diarias, de luns a venres, e cunha retribución anual de 24.462,50 euros brutos anuais en 14 pagas, serán os seguintes:

- Concelleira delegada de Cultura, dona Erundina Prado Arcay.
- Concelleira delegada de Asuntos Sociais, Maiores e Sanidade, dona Carmen Tato Lago.
- Concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Protección Civil, Mobilidade e Rede de Transportes e Mantemento e conservación de parques e xardíns, dona María Beatriz Ramos Padín.
- Concelleira delegada de Promoción e Fomento do Turismo, Museo, Patrimonio Histórico-Artístico e Medio Rural, dona Gumersinda Becerra Montes.
- Concelleiro delegado de Voluntariado Social e Participación Cidadá, Promoción e Apoio ao Tecido Asociativo e Proxectos de Cooperación ao Desenvolvemento, don Antón Otero Domínguez.

Terceiro: As retribucións dos concelleiros estarán suxeitas ás variacións que se fixen para o persoal das administracións públicas na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Cuarto: Notificar os anteriores acordos a cada un dos cargos designados para os efectos de aceptación expresa, no seu caso, e posterior comunicación ao Pleno na seguinte sesión



ordinaria. A aceptación deberá producirse no prazo de dez días dende a notificación ao interesado. Transcorrido o dito prazo, entenderase que non acepta o cargo, iso de conformidade co establecido no artigo 19 do Regulamento Orgánico Municipal.

Darase conta ao pleno, igualmente, do cumprimento do establecido na Lei 53/1984, de 26 de decembro e, para tal efecto, comunicar o acordo á Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social na que desempeña a súa actividade principal o Concelleiro delegado de Voluntariado Social e Participación Cidadá Promoción e Apoio ao Tecido Asociativo e Proxectos de Cooperación ao Desenvolvemento, para os efectos establecidos no artigo 5.2 da LIF, así como do artigo 3.1 e 1.3, respecto da necesidade de declaración de compatibilidade.

Quinto: As cantidades a percibir en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados serán:

- Plenos:	200,00 euros
- Xuntas de Goberno Local:	200,00 euros
- Xuntas de voceiros:	100,00 euros
- Xunta de Coordinación	100,00 euros
- Comisións Informativas:	100,00 euros
- Presidente Comisión Informativa:	300,00 euros
- Mesa Contratación e órganos análogos:	30,00 euros

A asistencia a sesións dun mesmo órgano colexiado que teña lugar no mesmo día, computaranse como unha soa asistencia.

Sexto: Publicar os anteriores acordos no Boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, de conformidade co establecido no art. 75.5 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

#### **4º Proposta de modificación dos acordos adoptados polo pleno da corporación o 13 de xullo de 2007, respecto da asignación dunha dotación económica aos grupos municipais**

Vista a proposta de Alcaldía de data 27 de xullo de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 22 de agosto de 2009.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que cada grupo municipal pasará a ter unha contía fixa de 2.000 euros por ser grupo, máis unha variable de 1.000 euros por concelleiro, de tal modo que o PSdeG-PSOE cobrará un total de 9.000 euros, o mesmo o PP, o BNG cobrará 6.000, EU-IU 4.000 e PG 3.000 euros.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que recentemente o PP presentou unha moción precisamente nese sentido. Dada a situación de crise que se está vivindo, a necesidade apremiante de moita xente, de moitos españois, eles propuxeron que se rebaixaran tanto os soldos do equipo de goberno, como todos os gastos dos órganos de goberno do concello. Foi unha moción que se aprobou por unanimidade.

Continúa dicindo que quere tratar de explicarse claramente, que cando neste concello se presenta unha moción e se aproba, neste caso por unanimidade, o normal é que despois se estude, que se trate e se discuta, e que se chegue a conclusións, as que sexan. Como é habitual no Concello de Cambre as mocións se aproban e quedan no caixón do olvido, son moi escasas as mocións que chegan a algo. Di que esa é a forma habitual de traballar no concello, dicir que si a todo, xa se falou antes das promesas, e logo non se cumpre absolutamente nada.

Di que o PP presentou esa moción para rebaixar todas esas partidas e, polo tanto, como foi unha moción presentada polo seu grupo, están de acordo e van a votar a prol, pero si lle quere pedir ao Sr. Salcines que lles explique onde van destinados os 50.000 euros que van a deixar de percibir, non os concelleiros, senón o conxunto dos partidos políticos de Cambre, porque van destinados ao equipo de goberno, ás súas axudas de custo. O que sería unha boa idea, rebaixar os gastos, ao final resulta que é o equipo de goberno o que se vai a embolsar os cartos. Di que quere evitar usar adxetivos para definir isto, pero que o que pasa é que se van embolsar o que lle retiran aos partidos políticos.

Conclúe dicindo que o PP vai a votar a prol de que se retiren as anteriores asignacións, pero non, dende logo, a prol de que o equipo de goberno se embolse os cartos.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que xa houbo un debate orzamentario, e que nese debate xa se abordaron todos eses puntos, todo iso o

indicaron e dixérono claramente. Non sabe como o Sr. Cubeiro insiste niso. Di que o custo da clase política de Cambre baixa en 50.000 euros, e así está nos orzamentos e quen diga o contrario minte.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez responde que como el di o contrario, entón suponse que minte, pero di que non lle fai falta explicarse demasiado, porque o debate de hoxe é lamentable, patético, porque son o que son, e está bastante claro o que hai, está máis que claro a maquillaxe, a manipulación que o equipo de goberno fai das contas públicas ao seu propio beneficio, iso é o que está pasando.

Continúa dicindo que os políticos teñen que cobrar, é evidente, pero o que non se pode facer é ese tipo de manobras, non se poden facer pactos na sombra. Aproveita para pedir que publiquen na web do concello o pacto que asinaron, que os veciños de Cambre saiban exactamente en que consiste ese pacto, porque hai un pacto maravilloso que vai facer que Cambre reciba 4 millóns de euros e el quixera que se publicase ese pacto e que os veciños saiban en que consiste.

Finaliza preguntando onde van os 50.000 euros que desaparecen de aquí.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que para o seu grupo este punto ten o seu calado e a súa importancia. Eles xa manifestaron no mes de xullo de 2007 que se debía potenciar a asignación dos grupos políticos en detrimento das persoas e das asistencias a órganos colexiados. Así o manifestaron, e por iso van a votar en contra deste punto, porque están en contra do pago nominativo ás persoas.

Sinala que para o seu grupo a política non é un oficio, senón un compromiso cos cidadáns, e nese sentido, e para que ninguén teña ningunha dúbida, quere dicir que as percepcións e indemnizacións que reciben o grupo municipal e os concelleiros de EU-IU de Cambre, son entregadas integramente á súa agrupación local, e destinadas ao seu traballo político diario, sen meter un só euro no peto. Di que están a disposición de calquera órgano fiscalizador, ou de calquera cidadán, as contas do seu grupo municipal e das persoas que o compoñen, para cantas comprobacións queiran facer e realizar de cara a contribuír á transparencia que ten que exercer todo cargo público en función da representación para a cal foi elixido.

Continúa dicindo que neste caso o que se está primando é a profesionalización da vida política no concello, e tamén quere recordarlle a este goberno que detrás dos pactos, das dedicacións exclusivas, das medias dedicacións, das axudas de custo, están os veciños de

Cambre, que serán os destinatarios das súas actuacións, e eles son os que terán a palabra dentro de escasos dous anos para darlles ou quitarlles a razón.

Conclúe dicindo que o seu grupo vai votar en contra.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que é curioso que durante os pasados dous anos, nos que houbo unha asignación para os partidos políticos en función do número dos seus concelleiros, algúns grupos políticos, compoñentes dalgúns partidos políticos, recuperaron o investimento que tiñan feito na campaña electoral municipal de hai dous anos. Di que, loxicamente, ese proceso ten uns gastos, e algúns recuperaron o investido, porque os partidos que máis cobraban, cobraban 30.000 euros, o PG cobraba 5.400, co cal, en dous anos foron 60.000 euros para cada un, e seguramente con iso pagaron ben a campaña. Os que cobraron 5.400, aínda non lles chegou ben, pero di que ese non é o problema, senón que para poder facer o pacto, e para poder facer as contas que fixo o Sr. catedrático e que dea que baixa un 5%, foi moi fácil, quitárono aos partidos políticos e metérono eles no peto.

Por todo isto, conclúe dicindo que tamén el vai votar en contra.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o texto do pacto, completo, íntegro, está na páxina web do BNG, por se ao Sr. Cubeiro lle interesa velo, pero di que, se cadra, podería estar tamén na páxina web municipal.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP e os catro concelleiros do BNG, e votan en contra os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dezaseis votos a prol, acordou:

Primeiro: Asignar a cada grupo político que compón a Corporación unha dotación económica de carácter fixo e idéntica para todos os grupos, por importe de 2.000 €por ano, co fin de colaborar nos gastos de material.

Segundo: Asignar a cada grupo político que compón a Corporación unha dotación económica en función do número de membros de cada grupo, para colaborar nos gastos de persoal dos grupos políticos, en contía proporcional ao número de concelleiros de cada grupo, coa seguinte distribución:

PSdeG-PSOE (7 concelleiros):	7.000,00 €ano
PP (7 concelleiros):	7.000,00 €ano
BNG (4 concelleiros):	4.000,00 €ano
EU-IU (2 concelleiros):	2.000,00 €ano
PG (1 concelleiro):	1.000,00 €ano

Terceiro: As dotacións económicas tanto a de compoñente fixo como a de compoñente variable, aboaranse a cada grupo político semestralmente.

### **5º Proposta para constituír como órgano complementario a Xunta de Coordinación**

Vista a proposta de Alcaldía de data 28 de xullo de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 22 de agosto de 2009.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que a Xunta de Goberno Local é o órgano a través do cal se coordina o goberno de Cambre, e por cuestións legais só poden estar nela 1/3 dos concelleiros da corporación, é dicir, 7 concelleiros, en consecuencia, artículase un novo órgano que ten como obxectivo reforzar a Xunta de Goberno Local e á que si poden asistir o resto de concelleiros que están no goberno de Cambre. Di que ese é o obxectivo último de crear esta Xunta de Coordinación.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que calquera debate que fan hoxe, lévaos ao mesmo sitio, máis xuntas, que nese caso se chama de coordinación, como poderíase ter buscado outro título, o que se trata é de cobrar máis axudas por asistencias, co cal di que practicamente non hai nada que engadir, só dicir que o PP vai votar en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que efectivamente é máis do mesmo. Do que se trata é de máis percepcións por axudas por asistencias a comisións. Deste xeito, por acudir a cinco ou seis xuntanzas, calquera concelleiro do grupo de goberno ten asegurados un mínimo de 1000 euros cada mes, que non está nada mal.

Conclúe dicindo que o seu grupo vai votar en contra deste punto.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que está claro, que do que se trata é de cobrar, cobrar e cobrar, polo que sexa, buscar argucias, todas cantas haxa e máis. Di que dentro de pouco aínda pode aparecer algunha máis, porque tamén algúns cobran as cervezas que toman sós.

Continúa dicindo que loxicamente el ten que votar en contra, porque como dixo antes el estivo na Xunta de Coordinación nas pasadas dúas lexislaturas e sabe como funciona. Vale para que cobren os que non teñen dedicación, e nada máis, para os veciños non valen absolutamente para nada.

Conclúe dicindo que, por tanto, o seu voto vai ser en contra.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e votan en contra os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Constituír, como órgano complementario do Concello de Cambre, a Xunta de Coordinación, que estará integrada e terá as atribucións que se establecen no art. 87 do Regulamento orgánico municipal.

Segundo: Reunirase, en sesión ordinaria, os primeiros e terceiros martes de cada mes ás 13:30 horas. Se o citado día fose inhábil, a sesión terá lugar o seguinte día hábil á mesma hora.

#### **6º Proposta de modificación de nomeamentos de representantes da Corporación en órganos colexiados**

Vista a proposta de Alcaldía de data 29 de xullo de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 22 de agosto de 2009.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal explica que como consecuencia do pacto de goberno faise unha reordenación dos representantes de Cambre nos distintos

organismos nos que está representado o concello, e isto obriga a ter que aprobar os nomeamentos en pleno.

Di que é unha lista moi longa, e brevemente pode enumerar a Asemblea Intermunicipal da Mancomunidade Intermunicipal voluntaria dos municipios da área da Coruña, co Sr. alcalde e o Sr. Iglesias, o mesmo que no Consorcio das Mariñas; algúns dos consellos escolares; o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, onde estarán o Sr. Otero e a Srta. Becerra.

A concelleira do BNG sinala que é Sra. non Srta.

Don José Venancio Salcines Cristal acepta a corrección e continúa falando do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, coa Sra. Tato e e Sra. Fernández, o mesmo que no Consello de Participación da Galescola; no Proder II Terra das Mariñas a Sra. Becerra e o Sr. Iglesias, o mesmo que na Asociación Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro” e no Grupo de Desenvolvemento Rural GDR-29 “As Mariñas – Mandeo”.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que é tal a coordinación do equipo de goberno da corporación, que non coñecen nin sequera o estado civil dos membros, e por iso debe ser conveniente que teñan Xuntas de Coordinación.

Por outra banda, continúa dicindo que recentemente houbo unhas eleccións autonómicas que gañou o PP, e que no pouco tempo que levan xa se tomaron unha serie de decisións importantes, unha delas, que ten moito calado, foi cambiar o nome ás Galescolas, as Galescolas agora chámanse escolas infantís, e polo tanto no punto 6 deberían modificar o nome. En todo caso, di que o voto do seu partido vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que non lles corresponde a eles elixir as persoas que van a ir a representar a Cambre neses órganos colexiados. Di que o tempo determinará se a decisión foi, non a máis xusta, senón a máis correcta, e polo menos a máis operativa. O que si lles pediría aos representantes que van ir a estes órganos é que os manteñan puntualmente informados de todo o que aconteza e das decisións que se tomen, algunha das cales é da máxima importancia, por exemplo, as do Consorcio As Mariñas, porque ata agora rara vez se informaba aos compoñentes da corporación das xestións que facían os representantes nestes órganos.

Di que dúas veces, a insistencia de EU-IU, tiveron que pedir en pleno que se lles informara. O que pide é que estas persoas sexan operativas e que manteñan puntualmente informada á corporación e, por conseguinte, aos veciños de Cambre.

Conclúe dicindo que non lles corresponde a eles facer esta elección e, por tanto, vanse a abster.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que hai no goberno sete concelleiros do PSOE e catro do BNG, pero que parece que os interesados en traballar ou en ir a outros temas, a outros estamentos supramunicipais, non son os sete concelleiros do PSOE, que parece que non teñen moito interese por mirar polos ingresos dos veciños de Cambre.

Seguidamente enumera os concelleiros designados nos distintos órganos e pregunta por que o goberno que había do PSOE, que tanto traballaba e segue traballando polos intereses dos veciños de Cambre, non dimiten ou, polo menos, renuncian a cobrar eses cartos de dedicacións, etc., e llos pasan todos ao BNG, que son os que van traballar.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal contesta que aquí só se trouxeron os organismos que van a ser modificados, os que non van ser modificados non se trouxeron. E, en segundo lugar, a cada comisión asiste o concelleiro da área.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez pregunta cantos organismos hai supramunicipais que non estean aquí postos.

O Sr. Salcines contéstalle que tendo sido el concelleiro de Educación saberá que hai máis colexios que os que mencionou.

O Sr. Marante pídelle que diga cantos hai, que organismos hai, e que non sexa hipócrita.

O Sr. alcalde pide orde na sala.

O Sr. Salcines pregúntalle ao Sr. Marante por que ten que aguantarlle un insulto tras outro e tras outro e se é que non sabe facer política sen insultar.

O Sr. Marante di que non está a insultalo, senón que o está chamando o que é.



Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo sinala que, en contestación ao que preguntaba o Sr. Marante, están todos os consellos escolares que non cambian, hai outro organismo da Asemblea da Mancomunidade de municipios da Coruña que mantén os mesmos representantes, está a Fundación Wenceslao Fernández Flórez. Di que todos os nomeamentos que non cambian non se traen ao pleno, iso é o lóxico.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, votan en contra os seis concelleiros presentes do PP e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por dez votos, acordou:

Primeiro: Nomear representantes da corporación aos concelleiros que a continuación se relacionan, para os órganos colexiados que igualmente se indican:

1.- Asemblea Intermunicipal da Mancomunidade Intermunicipal voluntaria dos municipios da área da Coruña:

- Titular: Don Antonio Varela Saavedra – Alcalde
- Suplente: Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo

2.- Consorcio das Mariñas:

- Titular: Don Antonio Varela Saavedra – Alcalde
- Suplente: Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo

3.- Consellos Escolares:

- IES Alfonso X El Sabio (A Barcala – Cambre): Don Antón Otero Domínguez
- IES David Buján (Sigrás): Dona Gumersinda Becerra Montes

4.- Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade:

- Titular: Don Antón Otero Domínguez
- Suplente: Dona Gumersinda Becerra Montes

5.- Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:

- Titular: Dona Carmen Tato Lago
- Suplente: Dona Laura Fernández Martínez

6.- Consello de Participación da escola infantil:

- Titular: Dona Carmen Tato Lago
- Suplente: Dona Laura Fernández Martínez

7.- Proder II Terra das Mariñas:

- Titular: Dona Gumersinda Becerra Montes
- Suplente: Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo

8.- Asociación Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”:

- Titular: Dona Gumersinda Becerra Montes
- Suplente: Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo

9.- Grupo de Desenvolvemento Rural GDR-29 “As Mariñas – Mandeo”

- Titular: Dona Gumersinda Becerra Montes
- Suplente: Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo

Segundo: Notifíquese ás diferentes entidades para os efectos oportunos.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que, se el non está equivocado, este pleno se convocou para poder pagarlle aos provedores e asociacións, e ese punto aínda non está discutido.

O Sr. alcalde responde que o pleno está terminado.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Verónica Otero López